

INGLERA, INGLERA

LEMA: DIRCANTUR

PR LOGO TENTANDO UMA *nurseryrhyme*

O demo,

o demo,

o demofalainglés.

ECHAM HILL

En Surrey detrás da casa vivían uns cervos.
Eu descubrinos un día de outono, e pensei que estarían de paso,
pero aínda nos fixeron compañía máis dun ano.
Eran cinco, e unha mañá asomábase á fiestra e víalos
fozando por entre a maleza, metódicos coma formigas,
ou, nos días en que se sentían menos tímidos,
aventurados ata o mesmo medio do noso xardín.
Tiñan ollos no lombo, e abondáballes un xesto noso detrás do cristal da ventá
para choutaren en estampida por entre as silveiras.
Un día desapareceron só quedou o máis pequeno.
A ese víaio, cando ía dar paseos por cerca da casa,
entrando ou saíndo das sebes, cruzando a todo dar as estradas secundarias.
Como se a pesar de sertan pequenoxa non lle fose dado acougar,
acougar xa máis.
Eu sempre pensaba que acabaría empotrado contra un coche
un día calquera no medio daquel lugar curioso e tranquilo que era Surrey.

BRITISH MUSEUM. DIANTE DOS *Benin Bronzes*.

O cartel dicía que aquelas placas viñan do Palacio Real do Reino de Benin,
pero non explicaba como chegaran cánda nós.
Batín as pálpebras, con perplexidade. De súpeto estaba rodeada por guerreiros.
Guerreiros pequenos, de coxas poderosas, de labios feroces
que marchabane marchabane marchaban
non contra min: dubido que os seus ollos de terra
puidesen aínda verme.
Marchabana través de min, e as plantas dos seus pés
levantaron unha poeira que cegou nun momento aquel soto do British.
E seguiron marchando a través de min, dentro de min, cara ao mar,
e aí quedei soa acougando, sen folgos, fregando os ollos o po:
non todos os días
pasana través de ti cincocentosvinte e catro guerreiros do Benin:
de certo é unha experiencia que, as primeiras veces, cansa.

Entón non tiven dúbida:

todos aqueles guerreiros de fígado de bronce
chegaraneles mesmos, marchando e marchando e marchando
desde as mesmas portas do Palacio Real do Reino de Benin.

FITZROVIA

Fitzrovia era como un mundo dentro de Londres
e aquel restaurante italiano, que para min xa non ten nome,
era como un mundo dentro de Fitzrovia.
Nas mesas non podíamos nin pousaros cúbados. O dono debía levar
trinta anos en Londres, pero o inglés
aínda lle era estraño como un animal fermoso.
E unha vez mes motivemos que cear
co can do restaurante a carón nosa, apertadiños no soto. Sempre poñían
os mesmos discos de música clásica, e sempre John -ou pode que Matt-
facía os mesmos chistes sobre a súa banalidade.
Por fóra supoño que pareciamos que éramos: un grupiño de estudantes
novos, privilexiados, caprichosos:
cinco ou seis habitantes doutros lugares que se sentían moi felices
de habitar por unhas horas o mundo de medias luces de Fitzrovia.

A LECCION DE HISTORIA (IN THE NATIONAL PORTRAIT GALLERY)

O museo dos retratos era todo el unha cuestión de
Yes, Sir, I know my English history
cada vez que alguén se me achegaba, cheo de boas intencións, e intentaba explicarme
de quen era cada unha aquelas cabezas sen corpo
(que é a forma que teñen en Inglaterra
de decapitará xente).

I know my English history, Sir,

I really really do.

E deixábanme tranquila. Antes de pasar á seguinte cabeza
e adiviñar ao chou de quen era
e sorrirre repetir para min: *Oh yeah,*

my English history, I really really do.

EGHAM HILL

Unha tarde desde a casa de Egham Hill
fun pasear polo Gran Parque de Windsor.
Creo que foi porque quería ver cervos, cervos de verdade,
e non como os que vivían detrás do xardín.
Así que saín fóra.
E cando estaba no medio dunha costa empezou a nevar.
Envolvíno meo impermeable, coa cabeza descuberta, e seguín subindo.
Ó final da subida, o lago de Virginia Water
estaba tamén sucumbindo baixo a neve.
Virginia Water sempre parecera un lugar curioso.
Un lugar curioso e victoriano, un gabinete de rarezas.
Ruínas romanas, unha ferverza artificial,
un tótem que, dicía a inscrición, o viñeran pintar os kwakiuti
desde a British Columbia (que alguén me diga:
que formada nostalgia
experimenta un kwakiuti cando o meten nun barco,
cando o levan polo Atlántico, cando o soltan en Surrey?).
O conto é que dei unha volta ó lago e non vin cervos.
Despois quixen atallar para saír do parque e perdínme.
Pasei o Savill Garden, Cumberland Lodge
ata saír do Parque por Bishopsgate.
Debaixo da neve todo parecía épico e distinto:
a herba, as curvas dos camiños, as casetas dos gardabosques,
ata os cervos que aquel día non vin.
Foi un paseo longo e laborioso, épico,
aquele segundo día da primavera polo Gran Parque de Windsor.

SAINT ALBANS

En Saint Albans hai centos de anos falábase francés
e o inglés era só o idioma do pobo e das bestas.

Iso foi todo o que puider pensar, de pé no adro,
mentres unha francesa chegada de Calais daba voltas e voltas ao Minster de Saint Albans
chamando ao seu marido coma unha tola na súa lingua ridícula: tal é a mudable fortuna
dos homes, das cousas e das linguas deste mundo.

NATIONAL GALLERY. DIANTE DA *A batalla de San Romano* DE PAOLO UCCELLO

Percorríná carreira a Sainsbury Wing
para dar mede fociños contra aquel Uccello.
A batalla de San Romano. E hai que sorprenderse
de que tanta lanza en riste,
tanta cores maltada e brillante,
tanto trazo de debuxo de cómic,
tanto exceso florentino ou pisano ou senense
(non sei de onde, pero ese exceso, tanto exceso, inglés, inglés non é),
tivesen exaltado a fantasía dos curadores da National
ata o extremo de colocalo naquel lugar tan principal?
A batalla de San Romano. E, cando saín á praza,
aínda sentía as pupilas dilatadas e o sabor a sanguena na punta da lingua.

BRIGHTON

Brighton é a única das partes de Londres que ten mar,
e por iso ás veces me esquezo dela:
entretanto pantano, lago artificial, río,
canle, reservorio e estanque
e diversas variedades de cada un deles, é fácil esquecer
que ás veces a auga é salgada
e que ven en cantidades inabarcables para o ollo humano.

EGHAM HILL

E unha noite de finais de outubro,
a neve volveu sobre Egham Hill para facerse señora dela.
Todo tremía e latexaba.

Pero, ao día seguinte,
do señorío da neve xa non había nin pegada.

NOCTURNO

E, nas noites de insomniona Terra
(que perderao nome e por iso se chamabaxa só Terra),
a Muller pensaba no leite que, moitas millas ao norte,
agregaba abertona neveira,
na súa neveira inglesa.

HAIKU DA CREACI N DE LONDRES

Réxeme a pel
mentres, tombada, oio
cocero barro.

DICIONARIO

Thespian, \θɛspɪən\:

pode significar

“referido a Tespis”

(quenquera que sexa)

ou tamén pode ser

a palabra que as estranxeiras usan cando non queren chamaraos comediantes “comediantes”

(ex. de uso: vas ser o meu \θɛspɪən\ esta noite?).

Tamén hai quen di que é a palabra máis fermosa do *hggllæŋgwɛdʒ*.

HAIKU DE POLAR TARDER

Refrego os ollos.

Non me gustan as tardes,

porque son momas.

COUNTABLE

**A Colindale fun unha vez por semana - ás veces dúas -
durante un ano - case dous.**

**C abalgaba a Northern Line e gustábame imaxinar
que eu era en realidade unha viaxante chegada de lonxe
e á xente de Colindale ía venderlles polas portas,
non sei, coleccións de poesía
ou lámpadas chinesas ou reloxos
capaces de avanzarmáis aló do trinta e un de decembro de mil novecentos sesenta e nove,
toda unha proeza completamente *unheard of* en Colindale.**

**Porque o mundo en Colindale aínda era
os pisos de moqueta, *packed lunch, dinner at five,*
fish and chips nas tardes preguiceiras dos sábados, Sunday roast os domingos,
e unha foto de Mister Churchill no salón: *never so much*
*was owed by so many to so few.***

E eu iría de porta en porta, petando coas falanxes enluchadas,

*Yes Sir, just six pounds a year,
and look how magnificent your poetry collection will be.*

Yes Madam

really, how can an English home do without a Chinese lamp in this day and time.

**É fácil serviaxante porque na entrevista non che preguntannada polas cen mil almas
que viven en Colindale, nin polas súas orixes agrícolas,
nin polos dous bombardeos da *wye-wye-twa*;**

**só queren que sexas quen de camiñar por un piso de moqueta,
que saibas o que dixo Churchill, como se prepara o *fish and chips*.**

Non piden máis e, en realidade, nada máis teñen que pedir.

Esquecíame: lévante na Northern Line á boca do metro, á tardiña

e fanche mirar para as casas e casas e casas,

suburbiose suburbiose suburbios,

vidas e vidas e vidas e vidas

e entón, antes de decidirse te contratan, analizan con precisión a túa docilidade

para creras fábulas que algún día alguén che contou sobre a xente que non é a túa.

CARTA B QUE EN FAI O DICCIONARIO DE INGL. J DE COLLINZ, QUEN QUERA QUE JEXA

Estimado señor:

que tirasendo seu dicionario

roborant, mansuetude,

oppugnant, agrestic, griseous,

parécemeata certopunto, normal.

Despois de todo, xa se sabía que vostedes os bárbaros do norte

sempretiveron dificultades para apreciar como se debe

a tensión exacta das palabras latinas -

and, believe me, no offence intended.

Tamén podo entendero de vaticinate

e o de vilipend, abstergent e periapt.

Pero eu escriboles para preguntarles

por outras das súas palabras malqueridas:

muliebrity.

Dígame

se xa non hai no dicionariounha palabra que en si conteña

o perfil rugoso da miña experienciasobre esta terra,

significa iso que son libre de comezar unha nova vida

como carrizo, como raposo, como bolsiña de té?

Espero que me respondan en canto poidan.

Espero a súa resposta con suma impaciencia.

Sinceramente, non vexo a hora de comezara miña nova vida como bolsa de té.

HAIKU DA S A AUSENCIA PENSA DA DE LONDRES

Calo e óllote

comezara seitura

sobre o meu corpo.

DIANTE DE Ivor Brock rescuing a lamb in a blizzard FOTOGRAFIA DE JAMES RAUILLIOTT

No inverno de 1978, Ivor Brock rescatou un año dunha tormentade neve.

Ivor Brock, de Milhams, no borough de Dolton, no condado de Devon,

rescatou da tormentade neve o último año que lle nacera

e James Ravillious estivo aló para retratalo
e así foi como eu, trinta anos máis tarde, coñecín a Ivor Brock,
turrando do bichiño cara a arriba, coa neve polos xeonllos,
co abrigo atado no van cun cordel: parecía San Francisco.
Pero era Ivor Brock, de Milhams, en Dolton, en Devon.
A min dixeránme unha vez, anos atrás, que non nevaba nunca en Inglaterra
pero souben que non era certo aquel día, mirando a Ivor Brock
mentres rescataba a cría máis nova do seu rabaño dunha nevada
como terían feito seu pai, seu avó e moitos máis antes ca este
cada vez que nevaba tanto en Milhams, en Dolton, en Devon
que desaparecían as lindes e os camiños e as pólas caían ao chan vencidas polo peso.
Eu vira a moitos Ivors Brocks antes, desde o tren,
aguilloando nos rabaños de vacas, a menos de vinte millas
do centro de Londres,
e entón rira deles; non entendía aínda
que Inglaterra é o país do millón de vacas, do millón de ovelas, do millón de bácoros
e do millón de pastores que van tras deles por unhas corredeiras
de trazados e distancias que a min non me será nunca dado entender.
Do Ivor Brock de Milhams, en cambio, como rir?
Turrando polo animalíño, por aquel boneco
de la e carne que a neve desmadeixara.
Nunca neva en Inglaterra. Na cara de Ivor Brocks si neva,
e nos ombreiros que fan forza, e na man apertada en torno á pata do cordeiro,
neva cada vez que alguén o ve, neva con todas as nevadas que nos anos caeron
en Milhams, no *borough* de Dolton, no condado de Devon.

A NETA INGLESA

Foi un mércores de marzo, a unha das moitas horas
en que para conseguirasento no tren
un ten que exercero seu coñecemento enciclopédico
da idiosincrasia inglesa.

Excuse me miss, may I sit here?

E non ía poder, e sentou

e non lle chegueia verlle a cara pero axiña me decateide que era meu avó
o pasaxeiro tan cortés que sentarac anda min.

Eu nunca souberade que el falase inglés en vida, pero non importaba,
porque se eu podo ser inglesameu avó tamén pode falar idiomas que nunca aprendeu.

Non quixen volvera cara, miralo de fronte, ver claramente quen era
porque en Londres faceriso é maleducado, pero non fixo falta
porque polo menos deume para ver que, da fiestra para fóra, o túnel de Richmond
estaba a converterse por momentos no túnel de Porto,
(o que un día todo o mundo abandonara).

E Isleworth floreceu ata ser Reme

e Feltham levantouse ata estartan alto

como está o Barrioda Puntía

e cando chegamos a Hounslow decateime de que, en realidade,

acabábamos de chegar ao Fondrigo

Eu sempre coa vista á fronte, e el tamén, e eu non sabía se el o sabía

e quixen berrarlle

pero temín que el negase e dixese:

Equivócase vostede, *miss*, eu teño netas,

netas fermosas, listas, netas que escriben, netas que cantan;

netas que falan idiomas e bordan.

Todas son as miñas netas

e a todas lles quero moito,

pero entreas miñas netas non teño

ningunhaneta

que sexa inglesa, *miss*,

I'm so sorry!

Baixou en Staines e aí souben que non era el, porque

Staines non era a Veiga, Staines cando el baixou só era

Staines,

e Staines, como todo o mundo sabe,

é a cidademáis fea de Inglaterra.

A VOL INGLESA

Ás veces cóntolles a descoñecidos cousas que os meus mellores amigos non saben.

Non é difícil: consiste en

inclinar un pouco a cabeza cara á persoa do lado, no tren ou no metro,

creara atmosfera adecuada para unha confianza,

comezar con algunha observación insulsa sobre o tempo, sobre o transporte,

sobre *oh you're reading Houellebecq too, and what do you think about him?*

e despois fálolles coa miña voz inglesa,

a voz inglesa, que, como todos saben,

é un pouco máis baixa que a voz normal, tamén máis aguda

e infinitamente máis *self-conscious*

(ata o punto de que, ás veces, *feels awkward*).

E coa miña voz inglesa conto aquelas cousas das que os meus mellores amigos non saben.

É catártico, non é difícil, só ten o inconveniente

de que agora mesmo hai por Inglaterra en persoas que non coñezo e que me levan no peto

(como se eu fose un billete de metro, ou unha moeda dunha libra,

o cal tampouco é un papel tan deshonroso que cumpren en Inglaterra).

Non é difícil, aínda que parece que si, non é difícil,

nada é difícil se se fai coa voz inglesa.